

INSTRUCCIÓN VII/2016 DA XERENCIA DA USC POLA QUE SE ESTABECE O PAGAMENTO DUNHA RETRIBUCIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO EN CONCEPTO DE RECUPERACIÓN DA PAGA EXTRAORDINARIA E ADICIONAL DO MES DE DECEMBRO DE 2012 EN APLICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL DUODÉCIMA DA LEI 48/2015, DO 29 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2016

A lei 48/2015, do 29 de decembro, de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 (BOE do 30 de outubro), na "Disposición adicional duodécima. Recuperación de la paga extraordinaria y adicional del mes de diciembre de 2012" establece que cada Administración Pública, no seu ámbito, poderá aprobar dentro do exercicio 2016, e por unha soa vez, unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente ás cantidades aínda non recuperadas dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, co alcance e límites establecidos nesta disposición.

A este respecto, a disposición adicional décimo cuarta, apartado Un, da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 dispón que, nos termos establecidos na normativa básica estatal, o persoal do sector público autonómico definido no artigo 13.seis da Lei 11/2011, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, afectado pola Lei 9/2012, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, percibirá durante o exercicio do 2016 unha retribución de carácter extraordinario, en concepto de recuperación da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, do 49,73 por cento dos importes efectivamente deixados de percibir por aplicación do mencionado Real decreto lei 20/2012.

O apartado Dous desta mesma disposición determina que as universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar a recuperación da supresión da paga extraordinaria de decembro de 2012, co contido e alcance sinalado anteriormente. Para estes efectos, as transferencias do fondo incondicionado do Sistema universitario de Galicia incrementaranse nun 49,73 por cento dos importes reducidos a cada universidade por aplicación da disposición adicional quinta da Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012.

O 4 de abril de 2016 publicouse no DOG o anuncio da Consellería de Facenda do 28 de marzo de 2016 polo que se lle da publicidade ao procedemento para aplicar o establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei 12/2015, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, na que se determina que a dita recuperación realizarase en dúas partes, nos meses de abril e setembro, periodificación que debe entenderse referida ao ámbito da administración autonómica.

No que atinxe á Universidade de Santiago, a devolución en dúas partes desa recuperación retributiva xera unha tramitación económico-administrativa pouco eficiente ao ter que repercutir a cada partida contra a que se mantén persoal contratado por actividades de investigación os importes correspondentes, xerando dous procesos complexos na tramitación das nóminas. Verificada a dispoñibilidade de tesourería, considérase xa que logo conveniente realizar o pagamento da devolución íntegra nun só prazo no mes de Xullo, intermedio entre os dous fixados pola Comunidade Autónoma para realizar a devolución ao seu persoal.

Por todo o anterior, o xerente, no uso das atribucións conferidas pola Disposición Adicional 2 das bases de execución dos orzamentos da USC para o ano 2016,

RESOLVE:

1. O persoal da USC afectado pola supresión da paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, percibirá na nómina do mes de xullo unha cantidade equivalente ao 49.73% da deixada de percibir en concepto de paga extraordinaria e paga adicional do mes de decembro de 2012, nos termos establecidos na disposición adicional duodécima da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.
2. O persoal que non se atope en servizo activo na data de pago sinalada, e que non tivera solicitado con anterioridade a devolución dalgún dos pagos realizados no ano 2015 por este concepto, deberá remitir á Xerencia unha solicitude indicando o número de conta bancaria na que desexa percibir as cantidades que por este concepto lle correspondan.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2016



[Handwritten signature]
José Manuel Villanueva Prieto